



R multiplica ata catro veces a cobertura e a velocidade do sinal de wifi no fogar co novo servizo WiFi Mesh

- ***R ofrece WiFi Mesh, un servizo que multiplica ata 4 veces a cobertura wifi, e que permite máis velocidade na conexión e maior estabilidade en todos os dispositivos conectados no fogar.***
- ***A solución de R incorpora 2 amplificadores intelixentes, e pódense engadir novos dispositivos para os fogares máis grandes, mesmo de máis dun andar. A instalación é moi sinxela: só hai que enchufalos á corrente eléctrica e premer un botón.***
- ***Os amplificadores intelixentes WiFi Mesh comunícanse entre si para formar unha rede wifi única, con algoritmos específicos que garanten a cada un dos dispositivos da vivenda (smartphones, tablets, consolas, aparellos de domótica, cámaras, alarmas, termostatos, etc.) o mellor sinal e a menor latencia posibles.***
- ***Segundo un estudo recente de R, o 90 % das persoas optan por wifi para conectarse no seu fogar nalgún momento e o 47 % faino única e exclusivamente a través desta tecnoloxía.***

Luns, 15 de marzo de 2021. R puxo en marcha o servizo **WiFi Mesh**, co que resolve para sempre o problema que as/os usuarias/os de telecomunicacións adoitan reportar aos operadores sobre os problemas de wifi nos fogares.

Coa pandemia fíxose máis necesario que nunca estar conectados e produciuse un claro auxe de novas formas de traballo (teletraballo) e de entretemento e lecer no fogar (videochamadas, videoxogos en liña, televisión e plataformas de vídeo baixo demanda), que se desenvolven mediante conexión á rede wifi particular da vivenda.

De feito, un estudo recente de R revela que o **90 % dos clientes/as de Galicia utilizan wifi** para conectarse no seu fogar nalgún momento, fronte a un 53 % que usan o cable. Ademais, o **47 % opta única e exclusivamente** polo servizo de wifi para acceder ás redes, fronte ao 22 % que lle outorga exclusividade ao cable como medio de conexión.

Segundo ese mesma análise do operador, os fogares galegos teñen unha media de 4,9 equipos conectados a internet. **3,7 dispositivos por vivenda conéctanse por wifi** e a media de equipamento que o fai por cable é de 2,9 dispositivos por fogar.

O aumento exponencial de equipos conectados á rede provoca problemas de cobertura ou de diminución das velocidades de descarga homoxénea en todos os cuartos, xa que os máis afastados do encamiñador (*router*) poden ver diminuída a potencia e a fluidez do sinal de Internet, co risco de desconexións inoportunas.

WiFi Mesh, máxima cobertura, máis velocidade

Coa tecnoloxía de *WiFi Mesh R*, o/a usuario/a pode ter ata **4 veces máis de cobertura na súa vivenda**, e alcanzará velocidades moito máis altas en wifi que con outros dispositivos (PLCs, repetidores...), e cun sinal máis estable. Con este novo servizo, R soluciona as posibles desconexións ou a diminución do sinal de wifi que se poden producir en vivendas de gran tamaño ou con muros e piares estruturais que impiden a correcta recepción do sinal. Agora, o sinal pode chegar mesmo ata os recunchos máis escondidos e afastados do encamiñador emisor do sinal, e sen necesidade de instalar cables.

Para poder gozar de todas as capacidades deste sistema, é necesario instalar na casa cando menos **dous dispositivos de WiFi Mesh**. Estes amplificadores intelixentes comunícanse entre si para formar unha rede wifi única, con algoritmos específicos que garanten a cada un dos dispositivos do fogar (*smartphones, tablets, consolas, aparellos de domótica, cámaras, alarmas, termostatos, etc.*) estar conectados á rede *Mesh* e ter así, sempre, o mellor sinal e a menor latencia posibles, mesmo nas vivendas de gran superficie. Grazas a estes algoritmos, cada dispositivo conectarase sempre á caixa *Mesh* que mellor cobertura lle dea. Ademais, requiren ata 7 veces menos de potencia necesaria nesos dispositivos, co que as baterías duran máis tempo.

Con todo iso, o que se consegue é que os/as clientes/as teñan unha cobertura wifi excepcional nas súas vivendas, máis velocidade na conexión (ata 1,2 Gbps de velocidade máxima grazas á tecnoloxía MIMO 4x), e maior estabilidade, xa que case non se producen cortes na navegación.

Xestión de *WiFi Mesh* mediante a *app* de R

Os dispositivos de *WiFi Mesh* son bastante pequenos e teñen un deseño e unha estética coidada, pensada para pasar desapercibidos no fogar e mesmo converterse en elementos decorativos.

A instalación destes amplificadores intelixentes é moi sinxela: só hai que conectar unha das caixas *Mesh* ao encamiñador por cable e emparellar o resto dos amplificadores *Mesh* premendo un botón nelas. Non é preciso configurar nada.

R ofrece a posibilidade de xestionar a rede wifi dende a súa *app* para consultar e cambiar o nome da rede, restablecer o contrasinal, consultar que dispositivos están conectados, permitir ou bloquear a navegación dos devanditos dispositivos e realizar un diagnóstico automático para detectar posibles problemas e solucionalos no momento, entre outras opcións. Trátase dun sistema moi seguro e intelixente.

En definitiva, con *WiFi Mesh*, as/os clientas/es de **R** disporán dunha cobertura wifi multiplicada ata por 4, máis velocidade na conexión e maior estabilidade en todos os dispositivos do fogar. De aí o lema da campaña publicitaria deste novo servizo avanzado de **R**: “**Unha wifi coma unha casa**”.



unha
wifi
coma unha
casa

nova
wifi mesh R
para clientes

máis velocidade

cobertura total

co combo infinito
leva 2 wifi mesh R por 0 €/mes

R
a compañía
importa

Oferta

A solución de *Wifi Mesh R* inclúe dous amplificadores intelixentes por 4 €/mes durante 24 meses, un prezo increíble en comparación cos prezos de mercado desta tecnoloxía que, coas mesmas prestacións, se sitúan por riba dos 200 €.

E ademais, aos/ás clientes/as de **combo infinito** os dous amplificadores intelixentes *Wifi Mesh* sáenlles a **0 € por mes**. Unicamente terán unha cota de alta de 15 €. É dicir, quen xa conta con Internet, TV, telefonía fixa e unha liña móbil ilimitada gozará dun desconto do 100 % na cota mensual mentres dispoña do **combo infinito**.

Máis información: <https://mundo-r.com/gl/particulares/por-ser-cliente/wifi-mesh>

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal